



Ábrese o prazo de inscrición para os monográficos de inglés audiovisual organizados polo Consorcio Audiovisual de Galicia, a Consellería de Educación e a CRTVG

Por vez primeira e nunha iniciativa pioneira no Estado, convócanse tres monográficos de inglés audiovisual simultaneamente nas EOI de Galicia, que comezarán o 12 e 13 de febreiro

Tras o éxito de convocatoria e o alto nivel de satisfacción do alumnado dos dous monográficos organizados no ano 2007 polo Consorcio Audiovisual de Galicia e a Consellería de Educación na EOI de Santiago, para os que se recibiron máis de 100 solicitudes, hoxe ábrese a convocatoria para **tres novos monográficos** que se celebrarán de xeito simultáneo nas EOI de Compostela e Vigo a partir do día **12 de febreiro**

Estes cursos están dirixidos principalmente aos **profesionais do sector audiovisual**, así como a estudantes (preferiblemente cun nivel de 3º e 4º dunha escola oficial de idiomas) que estean familiarizados coa lingua inglesa, e que desexen potenciar e ampliar as súas destrezas comunicativas sobre todo no ámbito da industria dos medios audiovisuais. Así, nas dúas pasadas edicións contouse entre o alumnado con distintos perfís profesionais desta industria, como actores, directores, guionistas, técnicos, produtores, axentes de vendas internacionais, xornalistas, deseñadores gráficos, axentes culturais... O alumnado deberá acreditar o seu nivel de lingua mediante unha entrevista persoal para a que serán convocados unha vez se peche o prazo de inscrición.

O obxectivo é que o alumnado (profesionais e estudantes dos eidos da comunicación e o audiovisual) adquiera ou mellore o seu nivel de competencia na expresión e comprensión de certos aspectos específicos da lingua obxecto de estudo, tanto na súa forma falada como escrita, que lle permita desenvolverse en situacións coas que se poida atopar no seu ámbito profesional específico, proporcionándolle a información sobre as características fonéticas, as estruturas e normas de interacción comunicativa que poidan ter influencia nas situacións laborais e sociais máis frecuentes coas que se van enfrontar.

Estas actividades xorden da necesidade de especialización dos profesionais, que teñen que atender á demanda dun mercado audiovisual de marcado carácter transnacional e de contar coa presenza das empresas e produtoras galegas nos foros internacionais máis prestixiosos.

Despois da alta demanda detectada e do interese amosado por distintas entidades no pasado ano, para o 2008 amplíase o número e duración dos cursos, incorporando un monográfico de 60 horas e diversificando xeograficamente a oferta formativa, contando coa colaboración das EOI. Así pois, renóvase o convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Consorcio Audiovisual de Galicia coa incorporación da CRTVG, mellorando as posibilidades dos profesionais de reciclarse.



As edicións previstas, que serán impartidas polo profesorado das EOI, son as seguintes:

- Un monográfico de **30 horas** lectivas, que comeza o **12 de febreiro** e que se impartirá os martes e xoves en horario de **13:00 a 15:00 h** na **EOI de Santiago de Compostela**.
- Un monográfico de **30 horas** lectivas, que comeza o **13 de febreiro** e que se impartirá os mércores e venres en horario de **19:00 a 21:00 h** na **EOI de Vigo**.
- Un monográfico de **60 horas** lectivas, que comeza o **12 de febreiro** e que se impartirá os martes e xoves en horario de **20:00 a 22:00 h** na **EOI de Santiago de Compostela**.

Para realizar a preinscrición nestes monográficos os interesados teñen que entregar o formulario de solicitude de inscrición, que se pode descargar das páxinas web da EOI de Santiago de Compostela (www.eoisantiago.org) e de Vigo (www.eoidevigo.org), e do Consorcio Audiovisual de Galicia (www.consorcioaudiovisualdegalicia.org) na secretaría das propias escolas do **18 ao 27 de xaneiro**.

Unha vez rematado o prazo de preinscrición, publicarase nas citadas páxinas web a convocatoria para as probas de selección, de carácter oral, que se celebrarán na semana seguinte nas instalacións das escolas de Santiago e Vigo, e en base á que o profesorado das EOI seleccionará ao alumnado.

Rematado o proceso de selección publicarase nas webs indicadas a listaxe definitiva das persoas seleccionadas, con indicación do prazo de matrícula, no que os interesados deberán de formalizar a súa praza, previo pagamento de taxas á Consellería de Economía e Facenda.

Os interesados deberán formalizar a matrícula nas secretarías das EOI, previo pagamento das taxas á Consellería de Economía e Facenda.

Os traballadores da CRTVG non terán que abonar as taxas, xa que dita compañía asumirá a totalidade dos gastos xerados pola formalización das matrículas dos seus profesionais, unha vez se confirme a súa filiación á entidade.

O Consorcio Audiovisual de Galicia subvencionará en concepto de bolsa de formación o 50% do custo das taxas de matrícula por monográfico do resto do alumnado (é dicir, 45 € para os que realicen o curso de 30 h, e 90 € para os que asistan ao de 60 h). Este pagamento realizarase directamente aos alumnos, unha vez que remate o período de matriculación, e se reciba a listaxe definitiva de alumnos por parte das EOI.

Máis información

Consorcio Audiovisual de Galicia

Rúa do Hórreo 61,1º - Santiago de Compostela

Tfno.: 981 545 063. Fax: 981 545 847

E-mail: formacion@consorcioaudiovisualdegalicia.org

www.consorcioaudiovisualdegalicia.org

Horario de atención ao público:

luns a xoves de 9:00 a 14:00 h e de 16:30 a 19:30 e venres de 9:00 a 15:00 h.